




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



As Normas de Xestión Académica establecen a posibilidade da adaptación íntegra do primeiro ciclo dos planos vellos polos primeiros ciclos dos planos reformados, previo informe favorable dos centros.

A resolución do 25 de xaneiro publica as titulacións que teñen aprobado esta adaptación por terse pronunciado os respectivos centros.

Téndose recibido o informe da Facultade de Química sobre a adaptación do primeiro ciclo do plano de 1973 polo plano reformado

RESOLVO


Primeiro.- Adapta-lo primeiro ciclo do plano da Licenciatura de Química do plano de estudos de 1973 polo primeiro ciclo do plano reformado.

Segundo.- Esta opción non é incompatible coa adaptación materia por materia segundo figura na táboa de adaptacións, sendo o alumno o que elixa o tipo de adaptación.

Terceiro.- A adaptación do primeiro ciclo realizarase segundo o punto 43.2.5 das Normas de Xestión Académica con unha declaración xenérica de adaptación do ciclo e no expediente do alumno deberán figurar as materias realmente cursadas. A adaptación das demais materias deberá realizarse segundo establezan as táboas de adaptación do plano de estudos.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2001

O RECTOR



DARÍO VILLANUEVA PRIETO

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr Decano da Facultade de Química, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do Sein , Sr. Director do COIE